

# PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO



**IES TERRA DE TRASANCOS**  
**NARÓN**

## INDICE

1. Introducción
2. Detección e identificación do acoso escolar
  - 2.1. Concepto de acoso escolar
  - 2.2. Condutas que poden ser constitutivas de acoso escolar
  - 2.3. Lugares nos que adoita acontecer o acoso escolar
  - 2.4. O ciberacoso
  - 2.5. Síntomas ou indicadores do acoso escolar
3. Protocolo de actuación ante o coñecemento dunha posible situación de acoso escolar
  - 3.1. Primeira fase: coñecemento dos feitos. Identificación e Comunicación
  - 3.2. Segunda Fase: Recollida da información e rexistro
  - 3.3. Terceira fase: análise e adopción de medidas
  - 3.4. Cuarta fase: seguimento, avaliación e peche do procedemento
4. Estratexias de prevención
  - 4.1. Familias, profesorado e titores/as
  - 4.2. Alumnado, profesorado e persoal non docente
  - 4.3. Na aula.

## 1. INTRODUCCIÓN

A lei 4/2011 da convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 30, regula as medidas para a prevención e tratamento das situacións de acoso escolar na comunidade galega e establece que cada centro docente debe elaborar o seu propio protocolo de actuacións. O protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso elaborado pola Consellería de Educación establece o marco de referencia para previr e abordar as situacións de acoso escolar e ten un carácter básico para todos os centros educativos da nosa comunidade que poden sen embargo adaptalo ás súas peculiaridades.

Este protocolo, que estará incluído no plano de convivencia do instituto, establecerá os pasos a seguir ante un posible caso de acoso escolar, as medidas que se adoptarán para poñer fin á devandita situación e o plan para a protección das posibles vítimas.

O protocolo debe contemplar ademais medidas de sensibilización que axuden a previr o acoso escolar e preparen á comunidade escolar para reaccionar fronte a el e para detectalo o antes posible.

O presente protocolo trata de dar resposta a tres cuestións básicas á hora de enfrontarse co acoso escolar:

1. Identificar adecuadamente as condutas de maltrato entre iguais no ámbito escolar.
2. Ofrecer un protocolo de actuación pormenorizado que sirva a todos os sectores da comunidade para responder ás situacións de maltrato detectadas no instituto, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato, coordinado e decidido tanto co alumnado implicado (víctima, agresores, espectadores) coma coas familias.
3. Propoñer medidas que axuden a previr o acoso escolar mediante campañas de sensibilización da comunidade escolar, a educación para a convivencia e o tratamento dos conflitos de forma pacífica.

## **2. DETECCIÓN E IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR**

### **2.1 CONCEPTO DE ACOSO ESCOLAR**

Segundo se recolle no artigo 28 da Lei 4/2011, existe acoso escolar cando un alumno recibe calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo por parte dun o ou varios compañeiros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, tendo a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que tivesen causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

É necesario diferenciar o acoso respecto de agresións esporádicas ou outras manifestacións violentas que non supoñen inferioridade dun dos participantes. Para poder considerar un comportamento como acoso escolar deben cumprirse, de forma simultánea, os seguintes criterios:

1. Intencionalidade e repetición: a intencionalidade exprésase nunha acción agresiva que se repite durante un período longo e de forma recorrente, xerando na vítima a expectativa de ser branco de futuros ataques. Estas accións poden producirse por parte dun escolar, apoiado xeralmente nun grupo, ou por un grupo de escolares.
2. Desequilibrio de poder: prodúcese unha desigualdade de poder físico, psicolóxico ou social que xera un desequilibrio de forzas nas relacións interpersoais.
3. Indefensión: o obxectivo do maltrato adoita ser normalmente un só alumno ou alumna que é colocado deste xeito nunha situación de indefensión.

### **2.2 CONDUCTAS QUE PODEN SER CONSTITUTIVAS DE ACOSO ESCOLAR**

O maltrato entre compañeiros e compañeiras pode aparecer de forma moi diversa. Non soamente se manifesta a través de malleiras ou agresións físicas, con frecuencia preséntase como un conxunto de intimidacións de diferente índole que deixan ao agredido/a sen resposta. Estas son algunhas desas condutas:

- **MALTRATO VERBAL:** insultos, alcumes, falar mal de alguén ou difamar, sementar rumores ou contos.
- **INTIMIDACIÓNS PSICOLÓXICAS:** trátase de ameazas para provocar medo, lograr algún obxecto ou diñeiro e tamén para obrigar a facer cousas contra a súa vontade, chantaxe

e burlas públicas, pintadas alusivas, notas, cartas, mensaxes a móbiles e correos electrónicos ameazantes, distribución de datos ou imaxes persoais, suplantación da identidade a través da rede, etc.

- **MALTRATO FÍSICO:**
  - ✓ Directo: malleiras, lesións con diferentes obxectos, agresións en forma de patadas, golpes coas mans, etc.
  - ✓ Indirecto: roubo e estrago de material escolar, roupa e outros obxectos persoais.
- **ILLAMENTO SOCIAL:** ignorar e non dirixir a palabra, impedir a participación co resto do grupo, coaccionar a amigos e amigas da vítima para non interactuar con esta. Rexeitamento a sentarse ao seu lado na aula.

### **2.3 LUGARES NOS QUE ADOITA ACONTECER O ACOSO ESCOLAR**

Os actos de intimidación e maltrato acontecen en calquera lugar do centro escolar. Porén, convén ter en conta que o acoso é un tipo de conduta difícil de identificar ao permanecer case sempre oculta ás persoas adultas, aínda que poida ser ben coñecida por parte do alumnado. Esta característica fai que sexa máis frecuente cando a vixilancia é escasa ou difícil de levar a cabo:

**recreos, baños, corredores, cambios de clase, entrada ou saída do instituto** ou mesmo **na clase** cando o profesor está atendendo a algún alumno.

Pode tamén producirse **fóra do centro escolar**

- Actividades complementarias fóra do instituto: viaxes de estudos, encontros na rúa, etc.

Por outra banda, cada vez é maior a incidencia do ciberacoso, é dicir que se produzan vexacións ou outro tipo de acoso a través de **medios telemáticos**: móbil, correo electrónico, chats, redes sociais, etc.

### **2.4 O CIBERACOSO**

O ciberacoso consiste no uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

Supón o uso e difusión de información lesiva ou difamatoria en formato electrónico (insultos, difamacións, ameazas, intimidación, seguimento persistente, envío reiterado de correos a alguén

que non desexa recibilos, exclusión, boicot, humillacións, distribución de datos ou imaxes persoais, roubo ou suplantación de identidades).

Debido ás súas posibilidades de difusión e a que a súa continuidade pode ser permanente e non limitada ao horario escolar, o ciberacoso pode chegar a ser aínda máis lesivo que o acoso escolar. O ciberacoso presenta unhas características singulares que o diferencian do acoso escolar: anonimato, inmediatez, efecto en cadea, alta dispoñibilidade e diversidade de canles e procedementos empregados.

Se o centro escolar ten coñecemento de que se está a producir un caso de ciberacoso, no que está implicado parte do seu alumnado, ten a obriga de actuar coa mesma consideración de acoso escolar, sempre que as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos teñan conexión coa vida escolar.

## **2.5 SÍNTOMAS OU INDICADORES DO ACOSO ESCOLAR**

O triángulo formado por agresor, vítima e espectador, con distinto grao de responsabilidade, é un esquema que se repite en todo fenómeno de maltrato e abuso entre iguais, tendo consecuencias negativas para todos os involucrados.

Os distintos implicados manifestan habitualmente certos comportamentos cuxo coñecemento pode axudarnos a detectar a existencia dunha situación de acoso.

### ***Manifestacións da vítima***

Son múltiples os síntomas que pode sufrir, pero fundamentalmente concréntanse nunha perda de confianza e autoestima, fobia ao centro, ansiedade e depresión, dificultade na súa integración no medio escolar e o desenvolvemento normal das aprendizaxes e, incluso, problemas físicos como consecuencia da somatización. Para a identificación destes síntomas resulta fundamental a colaboración da familia. Amósanse a continuación unha serie de posibles indicadores que poden poñer de manifesto a existencia desta situación:

- ✓ Cambios nos tempos ou itinerarios de chegada ou saída do centro.
- ✓ Faltas de asistencia recorrentes /absentismo grave.
- ✓ Descenso do rendemento escolar, dificultade de concentración.
- ✓ Condutas de illamento e pasividade: falta de competencia social
- ✓ Cambios nas súas relacións persoais: compañeiros non habituais dentro ou fóra do centro, busca de soidade, medo a estar só ou soa, busca acompañarse de persoas adultas, etc.

- ✓ Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente.
- ✓ Descoida o seu aspecto físico
- ✓ Pide máis cartos do habitual
- ✓ Nerviosismo ante o teléfono, internet ou móbil.
- ✓ Non quere falar do centro, das súas relacións ou actividades
- ✓ Síntomas somáticos de ansiedade: síntomas gastrointestinais, malestar xeneralizado, cansazo e rixidez muscular, opresión no peito, sensación de afogo, mareos, dores de cabeza...
- ✓ Síntomas depresivos: irritabilidade, insomnio, pesadelos, falta de apetito, apatía.
- ✓ Síntomas psicolóxicos e emocionais de ansiedade: inquietude, nerviosismo, pesimismo, apreensión, sensación de tensión, fatiga
- ✓ Medo/síntomas de pánico: tremores, palpitacións, sensación de afogo...
- ✓ Indefensión
- ✓ Sentimentos de culpa.
- ✓ Asunción de responsabilidade dos feitos
- ✓ Negación dos feitos ou incongruencias
- ✓ Fraxilidade emocional: choro incontrolado, respostas emocionais extremas.
- ✓ Condutas de ataque: agresividade/baixo autocontrol.
- ✓ Autolesións, ameaza ou intento de suicidio

### ***Manifestacións dos agresores***

Instaura unha crenza, en si mesmo e no seu ámbito, de que se pode alcanzar o poder e lideralo mediante a violencia, a prepotencia e a submisión doutros, o que se traduce nos seguintes comportamentos:

- ✓ Falta de empatía ou incapacidade para poñerse no lugar da vítima
- ✓ Ausencia de sentimentos de culpabilidade
- ✓ Baixa tolerancia á frustración
- ✓ Agresividade verbal e física
- ✓ Conduta violenta
- ✓ Baixo autocontrol
- ✓ Agresións contra a propiedade
- ✓ Linguaxe corporal: miradas e xestos de rexeitamento

- ✓ Coaccións, ameazas, insultos
- ✓ Abuso de poder
- ✓ Acoso sexual

É probable que quen foi agresor, na súa infancia ou xuventude perpetúe condutas agresivas e violentas nas relacións adultas.

#### ***Manifestacións do grupo de iguais (observadores)***

- ✓ Falta de apoio ás vítimas, ben pola influencia que os agresores exercen sobre os demais ou por medo a converterse no branco das agresións
- ✓ Pasividade
- ✓ Incapacidade de reacción
- ✓ Sensación de indefensión
- ✓ Sentimentos de medo e culpabilidade
- ✓ Valorar a agresividade e a violencia como forma de conseguir o éxito social
- ✓ Reforzar a conduta dos agresores
- ✓ Colaborar no acoso
- ✓ Gravar as agresións e/ou aprobalas coa súa presenza
- ✓ Ignorar ou illar á vítima

Pode conducir a unha actitude pasiva ou compracente ante as inxustizas e unha modelación equivocada da valía persoal

### **3. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE O COÑECEMENTO DUNHA POSIBLE SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR.**

Unha vez que o centro ten coñecemento dunha posible situación de acoso é preciso adoptar unha serie de medidas que podemos agrupar en catro fases: comunicación dos feitos e adopción de medidas urxentes de protección da posible vítima, recollida de información, análise e adopción de medidas, seguimento, avaliación e peche do procedemento.

#### **3.1. PRIMEIRA FASE: COÑECEMENTO DOS FEITOS. Identificación e comunicación.**

##### **3.1.1 Comunicación dunha posible situación de acoso escolar**



Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeita de que se está a producir unha situación de acoso escolar ten o deber de comunicalo ante o director do centro, responsable de adoptar medidas que garantan a protección da posible vítima e de poñer en marcha a investigación dos feitos.

Non obstante, para facilitar a exteriorización, difícil tanto para as vítimas coma para os observadores dunha situación de acoso, os alumnos ou as familias poderán dirixirse ao orientador do instituto ou, se o prefiren, a calquera profesor, membro do persoal non docente ou representante da ANPA co que teñan unha maior confianza, sendo esta persoa a encargada de comunicalo ao equipo directivo.

En calquera caso a comunicación deberá recollerse por escrito, utilizarase o documento do ANEXO I.

### **3.1.2. Constitución do equipo de valoración**

Unha vez que o director é coñecedor de que se está a producir un posible caso de acoso, procederá á inmediata constitución dun Equipo de Valoración, cuxa misión será recoller información, valorala e emitir un informe en que se sinalen se existen ou non indicios de acoso escolar. (ANEXO II)

O Equipo estará formado polas seguintes persoas:

1. Representante do equipo directivo (preferentemente secretario ou vicedirectora, xa que non participarían se posteriormente houbo expediente disciplinario)
2. A orientadora do centro
3. O titor/a do alumno/s que presuntamente exerce o acoso
4. O titor/a do alumno/s presuntamente acosado

A dirección, se o ve necesario ou ante a petición da presunta vítima, poderá ademais decidir que se incorpore ao devandito equipo un profesor co que a posible vítima teña unha especial confianza.

No momento da constitución a Dirección facilitará ao Equipo toda a información da que dispón en relación cos feitos e cos trámites realizados ata o momento, a copia dos partes de incidencia ou medidas correctoras que afectaron aos alumnos implicados ao longo de todo o curso, os datos de absentismo escolar e aquelas outras informacións que considere pertinentes para unha boa valoración do caso.

O Equipo procederá a nomear un representante que será coñecido por todos os membros da comunidade educativa que teñan relación co caso que se está a tratar, facilitando deste xeito a comunicación entre este órgano e os membros da comunidade escolar. (Anexo III).

Ademais, como medida preventiva, o Equipo de valoración nomeará, de entre os seus membros, un profesor que se encargue de facer un seguimento dos problemas diarios que sufra o alumno presuntamente acosado e de servirlle de axuda durante todo o proceso. O devandito profesor designarase tendo en conta a confianza ou empatía con este alumno.

Tanto o Equipo directivo coma o Equipo de valoración, levantará acta de todas e cada unha das reunións mantidas ao longo do procedemento.

### **3.1.3. Adopción de medidas preventivas e primeira comunicación ás familias**

Ao mesmo tempo que se constitúe o Equipo de valoración, a Dirección do centro procederá a tomar as medidas urxentes que estime necesarias para garantir a protección da posible vítima. Entre elas poden figurar:

- A adopción de medidas preventivas que impidan o contacto entre a suposta vítima e as persoas causantes da situación
- Informar ao profesorado e/ou persoal non docente para que extremen a vixilancia nas clases e outras zonas de risco: patios, corredores, entradas e saídas do instituto, etc. (Para dar esta información terase presente a imprescindible confidencialidade que debe seguirse en todo o proceso)
- Vixilancia específica do alumnado implicado
- Aquelas outras que o Equipo directivo ou o Equipo de valoración consideren necesarias segundo se vaia tramitando o protocolo de recollida de información que se describe no seguinte punto.

Ademais das medidas urxentes tomadas nun principio, pode ser necesario engadir outras medidas preventivas ao longo do proceso de recollida de información, á proposta do Equipo, se os datos parciais obtidos así o aconsellan.

A Dirección do centro procederá así mesmo a poñer a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, sempre coa debida cautela, transmitindo tranquilidade e buscando a súa colaboración. Informará ademais sobre a misión do Equipo de Valoración, as persoas que o compoñen e sobre os pasos que se van seguir.

Para manter este primeiro contacto empregárase a vía máis rápida posible: citación telefónica, mediante o sistema de mensario, por correo electrónico... Cando as familias acudan ao centro entregaráselles unha comunicación escrita sobre o proceso que se vai seguir. (ANEXO IV)

No caso de que se estea a producir unha posible situación de ciberacoso debe informar ás familias de que é imprescindible conservar as probas durante todo o tempo que dure o proceso, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo de imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros..., aspectos que deberán realizarse antes de iniciar calquera actuación cos posibles agresores.

### **3.2. Segunda fase: Recollida de información e rexistro**

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é solicitar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

A información debe recollese dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes de información e procedementos.

Para elo, o Equipo de valoración realizará as entrevistas que estime oportunas e na orde que o considere pertinente, garantindo a confidencialidade a calquera membro da comunidade educativa do que solicite información e procurando a non coincidencia dos presuntos acosadores cos acosados e tendo en conta que se o entrevistado é menor de idade a entrevista debe facerse sempre en presenza doutro adulto.

O Equipo decidirá a súa forma de traballo e os membros do mesmo que participarán en cada entrevista. Deberá ter en conta en todo caso que, de ser necesaria a incoación dun expediente disciplinario toda a información recollida nesta fase formaría parte dese expediente e que o prazo máximo para a súa resolución será de **doce días lectivos** dende que se tivo coñecemento dos feitos, tal como recolle o artigo 25.7 da lei 4/2011.

Como mínimo, será necesario realizar as seguintes entrevistas:

- Entrevista co alumno presuntamente acosado. Deberá garantirse a confidencialidade das súas informacións. (Anexo V).
- Entrevista con observadores non participantes. Estes son membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes. (Anexo VI).

- Entrevista cos pais ou representantes legais do alumno presuntamente acosado e do presunto agresor. Informarase dos feitos que se investigan, das medidas adoptadas, dos pasos a seguir na xestión do conflito, e en función da gravidade do feito solicitarase a súa colaboración para a solución deste. (Anexo VII a e b)
- Entrevista co presunto agresor ou agresores. (Anexo VIII)

O Equipo de valoración procederá ademais a convocar unha reunión do Equipo docente da clase á que pertence o alumno presuntamente acosado. O obxectivo desta reunión é explicar a situación, permitindo que todo o profesorado poida implicarse na detección do problema e manifestar si é coñecedor dalgunha circunstancia que poida ser importante na investigación do conflito.

#### **Tratamento da información**

O Equipo de valoración levará un rexistro das actuacións realizadas, dos acordos tomados así como das datas destes. Toda a documentación xerada no desenvolvemento de protocolo (actas de reunión, entrevistas, etc.) será arquivada en xefatura de estudos

### **3.3 TERCEIRA FASE: ANÁLISE E ADOPCIÓN DE MEDIDAS**

#### **3.3.1 Análise e valoración das informacións obtidas**

Concluída a fase anterior o Equipo de valoración analizará a información recollida, fará unha valoración da situación e emitirá un informe determinando se hai indicios abondo para confirmar ou non a existencia de acoso e, no seu caso, a gravidade da situación (ANEXO IX).

No devandito informe deben figurar indicacións sobre as medidas de intervención e corrección que se consideren pertinentes, entendendo que as actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrución dun expediente disciplinario.

A dirección do centro, en función da información achegada, decidirá se procede a incoación de expediente disciplinario, aplicándose neste caso a normativa de convivencia que figura na Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa, nas N.O.F. (Normas de Organización e Funcionamento) e no Plan de convivencia do centro.

### **3.3.2 Adopción de medidas educativas**

#### **A. Non se confirma a situación de acoso**

Se no ditame do informe se conclúe que non se confirma a situación de acoso escolar, o Equipo de valoración informará ás familias das conclusións e o centro educativo dará por concluído o proceso.

Non obstante, o Equipo de valoración, á vista das informacións obtidas, pode ver a necesidade de que se adopten medidas, individuais ou colectivas, que intenten mellorar a convivencia do alumnado. Entre elas poderían figurar: campañas de sensibilización, programas de habilidades sociais, actividades de tutoría, envío dos alumnos implicados á aula de convivencia, realización de traballos de reflexión, realización de accións que contribúan á mellora do centro...

#### **B. Confírmase a situación de acoso**

A confirmación de acoso leva consigo a adopción de varias actuacións de forma paralela:

- A obrigatoriedade de abrir un procedemento de expediente disciplinario, que se rexirá polo recollido nas N.O.F.
- A necesidade de plantexar medidas educativas cos alumnos/as implicados. Neste caso O Equipo de valoración propondrá algunhas actuacións

##### **B.1. Algunhas medidas educativas individuais**

###### **ACTUACIÓNS COA PERSOA ACOSADA**

- Marco de protección e seguridade consistente en medidas de apoio expreso ou indirecto polos profesores, fortalecemento do círculo de relacións na aula e no centro. Coidarase a discreción nas medidas e comentarios
- Vixiancia específica dos acosadores e acosado
- Asignación dunha "persoa de confianza" dentro do Equipo docente.
- Concertar encontros periódicos para facer un seguimento da situación
- Grupo de apoio dentro da clase: Consistiría nun grupo de compañeiros, conscientes da situación pola que está a pasar a vítima, que a acompañen durante o tempo que dure o sufrimento e comuniquen ao profesorado calquera incidencia que aconteza.
- Asesoramento en condutas de autoprotección, asertividade e axuda para a recuperación da autoestima. Podería levarse a cabo mediante actividades na aula de convivencia.

- Participación en cursos ou programas específicos de habilidades sociais, levados a cabo polo departamento de orientación, que lle axude a recuperar a autoestima e afrontar a angustia ou ansiedade.
- Asesoramento en técnicas para evitar o ciberacoso.
- Participación nun proceso de mediación.
- Solicitar a colaboración familiar para a vixilancia e o control do seu fillo.
- Cambio de grupo, se fose necesario.
- Derivación, se procede, á unidade de saúde mental infanto-xuvenil.

#### **ACTUACIÓNS CO ALUMNADO AGRESOR**

##### **a) Medidas correctoras**

Unha vez confirmada a situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente disciplinario conforme o regulado no artigo 25 da lei 4/11, e serán de aplicación as medidas correctoras establecidas na devandita norma, nas nosas N.O.F. e no plan de convivencia do centro.

##### **b) Medidas reeducadoras**

Como actuacións complementarias ás medidas correctoras é preciso desenvolver co alumnado agresor medidas reeducadoras e preventivas, entre as que se poderían atopar:

- Vixilancia específica por parte do equipo docente.
- Petición de desculpas de forma oral e/ou por escrito.
- Proposta de solucións, elaboración de compromisos escritos e revisión destes durante varias semanas.
- Realización doutras tarefas compensatorias para o acosado/a, para o grupo ou para o centro.
- Participación nun proceso de mediación.
- Realización de tarefas relacionadas coa reflexión e concienciación sobre os feitos acontecidos e coa mellora da convivencia no centro.
- Implicación en tarefas socioeducativas.
- Participación en programas de modificación de conduta: busca de alternativas ante as dificultades, control da ansiedade e da ira, manexo de emocións, autocontrol, habilidades sociais e resolución de conflitos. Estes programas, que deberán estar dirixidos polo departamento de orientación, poderían levarse a cabo na aula de convivencia.

- Solicitar a colaboración familiar para a vixiancia e o control do seu fillo
- Derivación, se procede, á unidade de saúde mental infanto-xuvenil

#### **ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS**

- Elaboración de acordos coas familias para que entendan que intentamos axudar a cada unha das alumnas ou alumnos implicados, co obxectivo de parar o sufrimento e de intentar que esas situacións non se repitan.
- Orientacións sobre como axudar aos seus fillos ou fillas, sexan vítimas ou agresores.
- Solicitar a colaboración familiar para a vixiancia e o control dos seus fillos e establecer pautas para coordinar a comunicación sobre o proceso socioeducativo.
- Información sobre posibles apoios externos (derivación a servizos externos de intervención psicolóxica, derivación a Servizos Sociais, participación en cursos ou programas específicos de habilidades sociais, etc.).

#### **B.2. Medidas educativas colectivas.**

#### **ACTUACIÓNS COS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS OBSERVADORES/ÁS**

- Actividades que fomenten a sensibilización e reflexión sobre o maltrato escolar e as súas consecuencias: visionado de películas con debate, lecturas comentadas, elaboración dun decálogo contra o maltrato escolar, analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar unha inxustiza e a de ser un acusón, debates ou talleres sobre o uso das redes sociais e o ciberacoso, etc.
- Establecemento de compromisos escritos para non incorrer neste tipo condutas e para denuncialas explicitamente.
- Programa de apoio entre compañeiros.
- Identificación de falsas crenzas sobre o acoso escolar e contraste coas ideas axeitadas.
- Reflexión sobre os seus dereitos e as súas responsabilidades.
- Actividades que conduzan á integración de todos os alumnos dentro do grupo, respectando os intereses e desexos dos demais.
- Organización de actividades recreativas durante o recreo e aumento da vixiancia do patio.

#### **ACTUACIÓNS CO PROFESORADO**

- Dar a coñecer as medidas que se adoptaron e o grao de responsabilidade de cada profesor na súa aplicación.
- Orientacións sobre indicadores de detección e intervención.
- Acordar e unificar criterios de actuación.

#### **ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS DE TODO O ALUMNADO**

- Talleres de educación para que os pais aprendan a detectar o posible acoso escolar dos seus fillos e a diferenciar estas situacións de casos puntuais de discusión ou pelexas entre adolescentes.
- Charlas sobre o uso de Internet e as redes sociais.
- Fomentar o diálogo co profesorado para a detección temperá dos problemas e para que se produza unha axuda mutua no que á educación dos seus fillos se refire.

#### **3.4 CUARTA FASE: SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PECHE DO PROCEDEMENTO**

O informe recollido no anexo IX deberá especificar o modo en que se levará a cabo o seguimento das medidas educativas adoptadas, a valoración da súa eficacia e as persoas responsables de facelo. Tamén se fixarán os prazos de revisión da situación. Compre programar encontros periódicos cos alumnos implicados, especialmente coa vítima, para comprobar se mellorou a situación, xa non se produce maltrato e as persoas agresoras modificaron a súa actitude e conduta.

Durante ese período, o Equipo de valoración poderá propoñer o aumento ou variación dalgunha das medidas se, da súa avaliación, se deduce que non están a dar o resultado esperado.

O proceso finaliza cando se constata a efectividade das medidas adoptadas e a finalización da situación de acoso.



Se, nun prazo razoable, as medidas aplicadas non lograron o obxectivo fundamental é posible que nos encontremos ante un caso de acoso grave e persistente.

A GRAVIDADE valórase en función de cinco criterios clave:

1. Grao de angustia da vítima.
2. Grao de angustia dos pais e nais.
3. Prolongación no tempo da situación de acoso.
4. Disposición do acosador para recoñecer o dano causado.
5. Disposición do acosador para traballar na resolución da situación.

Tendo presentes estes puntos e se o caso é abondo grave e/ou o acosador non pon as solucións necesarias para que deixe de existir o acoso, aplicaranse as medidas disciplinarias establecidas na Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa, nas N.O.F. e no Plan de Convivencia para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro que se producen de xeito repetitivo e porase en coñecemento da inspección educativa e/ou doutros organismos que se consideren oportunos.

#### **4. ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN**

A lei de convivencia establece que “O protocolo debe contemplar ademais medidas de sensibilización que axuden a previr o acoso escolar e preparen á comunidade escolar para reaccionar fronte a el e para detectalo o antes posible”.

Somos conscientes da importancia de que toda a comunidade educativa sexa receptora das medidas de prevención e de concienciar a todos os seus integrantes para que se impliquen na detección dos casos de maltrato, cando se producen, e na busca de solucións para os mesmos. É por iso que as actividades que se relatan a continuación están dirixidas no só aos alumnos senón tamén a familias, profesores e persoal non docente xa que a detección dun problema pode vir de calquera das persoas que teñan relación cos alumnos no centro escolar.

Algunhas destas medidas xa se inclúen dentro doutros plans do centro, dado que non consideramos os documentos como compartimentos estanco, senón que son ferramentas para desenvolver a educación integral do alumnado.

#### **4.1. FAMILIAS, PROFESORADO E TITORES/AS**

- **Xornada de acollida:** lévase a cabo no mes de xuño e participa nelas o alumnado que se matricula no instituto por primeira vez e as súas familias. Tratamos con elas de dar a coñecer o centro, presentar aos profesores e equipo directivo, informar das normas xerais que rexen as relacións entre os compoñentes da comunidade educativa e percorrido polas diferentes instalacións.
- **Encontros coas familias:** no mes de setembro-outubro celébranse reunións coas familias do alumnado de todos os niveis co fin de que coñezan o noso funcionamento, as canles de información das que dispoñemos e favorecer a comunicación entre as familias e o centro. Estes encontros realízanse en dúas fases; en primeiro lugar o equipo directivo explica os aspectos máis relevantes do funcionamento do centro e da súa normativa. A seguir, nas clases correspondentes a cada curso e grupo, son os tutores os que expoñen as particularidades que poidan afectar a cada grupo específico.
- **Reunións cos tutores do centro,** a orientadora e a xefatura de estudos. Nestas reunións, faise a avaliación e seguimento do plano de acción tutorial modificándose aquelas actuacións que non estean dando resultado e engadíndose aquelas que se precisen, deséñanse accións conxuntas para mellorar a convivencia no centro e trátanse os posibles problemas que xurdisen durante a semana.
- **Difusión das normas de funcionamento do centro, do plan de convivencia e N.O.F.**

#### **ALUMNADO, PROFESORADO, PERSOAL NON DOCENTE**

- *Campañas de sensibilización:* Cada curso levaranse a cabo campañas de sensibilización sobre o maltrato entre iguais, o ciberacoso e a seguridade no emprego das redes sociais.
- *Actividades de habilidades sociais e resolución de conflitos* dirixido a alumnos de 1º e 2º curso da ESO tentando potenciar o recurso da solución amigable e pactada dos conflitos que puideran xurdir.
- *Actividades de prevención da drogodependencia,* dirixido a grupos de 3º e 4º da ESO. O abuso de calquera das adiccións pode ter consecuencias importantes no comportamento dos xoves, de aí que dediquemos unha especial atención á mentalización do alumnado destes niveis ao respecto.
- *Uso de internet e das redes sociais* para o alumnado de toda a ESO. Está demostrado que unha gran parte dos comportamentos acosadores teñen lugar fóra do recinto escolar e a

través das redes sociais. A utilización correcta destes medios resulta fundamental para prever posibles conflitos así como poñer en coñecemento dos usuarios que aspectos non son aceptables na comunicación virtual tanto como emisores como receptores.

- *Programa de prevención de condutas infractoras.* Ktorce-16, que consideramos imprescindible pola dificultade que o alumnado presenta á hora de diferenciar en moitos casos os comportamentos que resultan lesivos para os receptores, dunha broma de mal gusto.
- *Semana solidaria*
- *Potenciación do funcionamento da Comisión de Convivencia*
- *Organización de xogos, campionatos, zonas de lectura durante os períodos de lecer.*
- *Promoción da participación do alumnado na vida do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar e do funcionamento da Xunta de Delegados.* Tanto a elección de Delegado coma as eleccións do Consello Escolar teñen para nos unha importancia vital cara a conseguir que os alumnos participen na vida do centro e na modificación e mellora da súa normativa. Os titores levan a cabo moitas actividades de reflexión e concienciación para que estas eleccións sexan tomadas en serio polo alumnado que mellora así o seu aprendizaxe coma cidadán.
- *Aula de convivencia inclusiva:* especialmente constituída como ámbito de reflexión e traballo
- *Seguridade no uso das TIC's dentro do centro*

#### **4.2. NA AULA**

- Promover a elaboración das normas de aula, nas que debe figurar de xeito explícito normas contra o maltrato entre iguais e o compromiso de denunciar as situacións de acoso.
- Reforzar as condutas positivas sobre todo naqueles casos nos que algún alumno sae en defensa dun compañeiro que non sexa ben recibido polo grupo.
- Realización de "Asembleas de Clase" para reflexionar sobre o seguimento das normas así como facilitar a posibilidade de detección de algún comportamento nocivo en estado inicial.

- Aplicación de cuestionarios específicos que permitan a detección de problemas que non se perciban a primeira vista.
- Realización de actividades de tutoría que contribúan a mellorar: o clima de convivencia do grupo, as relacións de amizade, a inclusión de todo o alumnado dentro do grupo, a resolución pacífica dos conflitos, etc.
- Utilización das sesións de tutoría na aula para detectar posibles situacións de acoso ou ciberacoso.

## **ANEXOS DO PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO**

## ANEXO I

### COMUNICACIÓN SOBRE UNHA POSIBLE SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR

Nome do centro educativo: .....

Persoa que comunica a situación de posible acoso escolar :

<input type="checkbox"/> Profesor ou profesora do grupo	<input type="checkbox"/> Persoa agredida	<input type="checkbox"/> Servizos médicos
<input type="checkbox"/> Outro profesorado	<input type="checkbox"/> Outras alumnas ou outros alumnos	<input type="checkbox"/> Servizos sociais
<input type="checkbox"/> Titor ou titora	<input type="checkbox"/> Familiares do/a alumno/a agredido/a	<input type="checkbox"/> Outros (especificar):
<input type="checkbox"/> Orientadora ou orientador	<input type="checkbox"/> Denuncia anónima	
<input type="checkbox"/> Persoal non docente	<input type="checkbox"/> Persoa observadora/espectadora externa	

Vía de coñecemento e comunicación da situación:

<input type="checkbox"/> Observación directa	<input type="checkbox"/> Tutoría de pais/nais (PAT)
<input type="checkbox"/> Caixa de suxestións do centro	<input type="checkbox"/> A través dun medio telemático (especificar cal): .....
<input type="checkbox"/> Reunión de titores de nivel/ciclo (PAT)	<input type="checkbox"/> Outros (especificar):
<input type="checkbox"/> Tutoría de alumnado (PAT)	

Alumno acosado ou alumna acosada (posible vítima):

Nome e apelidos (ou iniciais destes): ..... Indicar sexo: <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home Curso e grupo: .....
--

**Alumno acosador ou alumna acosadora (posible agresor ou agresora):**

**Nome e apelidos (ou iniciais destes):** .....

**Indicar sexo:**  Muller  Home

**Curso e grupo:** .....

**Breve descrición dos feitos** (*debe concretarse o máximo posible o lugar e a data en que tiveron lugar*):

1.º

2.º

3.º

....., ..... de ..... de .....

Sinatura 1

Sinatura 2

*(Persoa que comunica a situación\*)*

*(Persoa receptora da demanda)*

*\* (No caso de que a persoa que comunica a situación non poida ser identificada, figurará a sinatura da persoa responsable da dirección do centro, como persoa que rexistra a situación).*

## ANEXO II

### NOMEAMENTO DOS MEMBROS DO EQUIPO DE VALORACIÓN

Estimado/a señor/a

D/D<sup>a</sup> .....

Diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia por posible acoso escolar sufrido polo/a alumno/a ....., por parte da Dirección do centro, se decidiu que vostede forme parte do equipo de valoración, conforme o protocolo establecido ao respecto.

Neste sentido, dáselle traslado da denuncia e do alumnado implicado para que, con carácter inmediato e conforme ao protocolo de actuación establecido, o Equipo de Valoración inicie os primeiros contactos de acompañamento e axuda ao/á alumno/a mencionado/a.

Igualmente, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día....., ás .....horas, no..... deste centro, co obxecto de ofrecerlles a información oportuna sobre a situación.

Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

Recibín

(O/A director/a)

(Sinatura da persoa nomeada)



## ANEXO III

### NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DO EQUIPO DE VALORACIÓN

Reunidos os membros do Equipo de Valoración de Acoso Escolar en relación ao caso ..... do alumno/a/s.....  
..... o día ..... de .....de....., deciden nomear como representante do devandito equipo a D./Dna.....

Sinatura/s dos membros

## ANEXO IV -A

### PRIMEIRA COMUNICACIÓN Á FAMILIA DA PRESUNTA VÍTIMA

Estimado/a señor/a D/D<sup>a</sup> .....

Como persoa responsable da Dirección do IES Terra de Trasancos, diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia dunha posible situación de acoso escolar que está a ser sufrida polo/a seu/súa fillo/a ....., tal como foi informado ..... (*facer mención expresa da comunicación anterior, do medio empregado e da data en que se efectuou*), e de convocalo a unha reunión urxente, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro para a protección do/a seu/súa fillo/a e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.

As medidas provisionais para a súa protección, adoptadas ante a gravidade das condutas que cómpre corrixir, consisten en:

.....  
.....

Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha nova entrevista.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

Recibín e fun informado/a  
Sinatura 1

Sinatura 2

(O/A director/a)

(*Sinatura do representante ou representantes  
legais do alumno ou alumna*)

**ANEXO IV- B**

## **PRIMEIRA COMUNICACIÓN Á FAMILIA DA PERSOA OU PERSOAS PRESUNTA/S AGRESORA/S**

Estimado/a señor/a D/D<sup>a</sup> .....

Como persoa responsable da Dirección do IES Terra de Trasancos, diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia por posible acoso escolar na que aparece implicado/a o/a seu/súa fillo/a ....., tal como foi informado ..... (*facer mención expresa da comunicación anterior, do medio empregado e da data en que se efectuou*), e de convocalo a unha reunión urxente, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.

As medidas provisionais para a súa corrección, adoptadas ante a gravidade das condutas que cómpre corrixir, consisten en:

.....  
.....

Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha entrevista.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

Recibín e fun informado/a  
Sinatura 1

Sinatura 2

(O/A director/a)

(Sinatura do representante ou representantes legais do alumno ou alumna)

## ANEXO V

### ENTREVISTA COA VÍTIMA

*Con este cuestionario preténdese obter información dende a perspectiva da vítima, así como tranquilizala e romper o seu illamento social, á vez que se lle amosa apoio e protección.*

*A persoa que empregue este cuestionario deberá ser especialmente coidadosa, amosar unha actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información. Debe contrastarse a veracidade da sospeita ao mesmo tempo que ofrecer apoio e escoita.*

*Terase en conta que pode non querer falar, polo que deberemos facilitar a súa comunicación cunha actitude comprensiva, deixándoa falar e aproximándose asertivamente, e que non se sinta cuestionada.*

*Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de seguridade para a vítima.*

**Nome e apelidos:** .....

**Curso e grupo:** .....

**Indicar sexo:**  Muller  Home

• **Cuestións para a recollida dunha información inicial (Os datos permitirán saber como é a súa situación no centro)**

1. Como te atopas na clase?
2. Sénteste integrado/a no centro?
3. Tes amigos?
4. Como son as relación cos teus compañeiros e coas túas compañeras?
5. Como son as relacións co profesorado?
6. E co persoal non docente?
7. Sabes en que consiste o acoso?
8. Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son as máis habituais?
9. Por que cres que se dan este tipo de situacións?
10. Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión?

- **Cuestións para a análise da situación ocorrida** (*Trátase de que faga un relato do suceso no que se ve implicado. A partir da cuestión 11 son propias do ciberacoso*)

#### Preguntas persoais

1. Que foi o que aconteceu?
2. Cando sucederon os feitos?
3. Onde sucederon os feitos?
4. Repetiuse esta situación noutras ocasións?
5. Desde cando ocorre esta situación? Son feitos illados ou repítense?
6. Como te sentes ante estes sucesos?
7. Que fas ti para evitar o conflito?
8. Que fas ti cando ocorre?
9. Que fas ti para solucionar o ocorrido?
10. Que pensas que se podería facer para evitar que se reproducise unha situación similar?
11. Souben que hai mozos e mozas que se están a meter con outros/as por medio do móbil e de internet, ti sabes algo?
12. Que opinas disto? Por que cres que o fan?
13. Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Que pensas que podería facer?
14. Coñeces a alguén que lle estea pasando?
15. Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufra burlas?
16. Ti sabes que no centro estamos para axudarvos e que non podemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Ocorreuche algunha vez a ti? Estache a pasar?
17. O problema é con internet ou co teléfono móbil? Redes sociais, messenger, chat, correo electrónico, sms, mms, youtube...?

#### Preguntas sobre a persoa ou persoas acosadora/s

1. Sabes quen é a persoa que está a facer isto? É unha persoa soa ou son varias?
2. Como o sabes? Adoita ser moi difícil saber quen fai estas cousas, non?
3. A que se debe que o fixese ou fixesen?

#### Preguntas sobre as persoas observadoras/espectadoras

1. Hai máis persoas que o saben? Quen máis coñece a situación?
2. Por que o sabe? Contáchesllo ti?
3. Onde estaba esa persoa cando sucederon os feitos?

4. Como reaccionou ou reaccionaron as persoas que estaban presentes?

- **Que pensas que debería facer o profesorado do centro ou a Dirección para solucionar o problema?** (*Informar o alumno ou a alumna das medidas urxentes de protección que se poden poñer en marcha para tranquilizar a vítima*)

REXISTRO DE POSIBLES NOVAS CUESTIÓNS XURDIDAS NA ENTREVISTA

REXISTRO DAS RESPOSTAS ÁS CUESTIÓNS REALIZADAS NA ENTREVISTA

Narón, ..... de ..... de .....

## ANEXO VI

### ENTREVISTA COAS PERSOAS OBSERVADORAS/ESPECTADORAS

*Con este cuestionario preténdese obter información desde a perspectiva das persoas observadoras/espectadoras, para poder revisala e contrastala coa información obtida do alumnado implicado directamente (víctima e persoa ou persoas agresora/s), amosándolles a postura do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias da conduta da persoa ou persoas agresora/s e a súa se non colaboran informando do acontecido.*

*A persoa que faga esta entrevista deberá amosar unha actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información. Coidarase moito non adiantar información e buscar un tempo e espazo adecuados que faciliten a comunicación, á vez que se insistirá na confidencialidade da entrevista e na garantía do seu anonimato.*

*Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza.*

**Nome e apelido:** .....

**Curso e grupo:** .....

**Indicar sexo:**  Muller  Home

• **Cuestións para a recollida dunha información inicial** (Os datos permitirán saber como é a súa situación no centro, algunha específica para o ciberacoso)

1. Como te atopas na clase?
2. Sénteste integrado/a no centro?
3. Tes amigos e/ou amigas?
4. Como son as relacións cos teus compañeiros e compañeiras?
5. Mantédesvos en contacto, ademais de no centro, na rúa, por internet ou por teléfono móbil?
6. Como son as relacións co profesorado? E co persoal non docente?
7. Sabes en que consiste o acoso?
8. Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son as máis habituais?
9. Por que cres que se dan este tipo de situacións?
10. Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión?

• **Cuestións para a análise da situación ocorrida** (*Trátase de que faga un relato do suceso no que estaba como observador/espectador. A partir da cuestión 20 son propias do ciberacoso*)

1. Nos últimos días, fuches testemuña dalgunha destas situacións, cal?
2. Es amigo/a de .....?
3. Sabes se lle pasa algo?
4. A ti cónstache que haxa algún motivo ou que lle pasase algo importante?
5. Que foi o que aconteceu?
6. Onde sucederon os feitos?
7. Dende cando ocorre esta situación? Son feitos illados ou repítense?
8. Onde estabas cando aconteceu?
9. A que foi debida esta situación? Por que cres que sucederon os feitos?
10. Por que cres que se desencadeou esta situación, son simples bromas, queren molestar á outra persoa ou merecía?
11. Como cres que se sente .....? Como te sentirías ti se estiveses na súa situación?
12. Como te sentes cando presenzas este tipo de situacións?
13. Ocorreu algunha vez a ti? E ti, fixéchelo algunha vez?
14. Ti que farías na súa situación?
15. Había alguén máis cando se produciu o incidente?
16. Poderíase facer algo para solucionalo?
17. Fixeches algo para evitar que se producise esta situación?
18. Cantas persoas máis saben o que aconteceu?
19. Que pensas que se podería facer para solucionar o problema?
20. Que estás disposto a facer ti?
21. Souben que hai mozos e mozas que se están a meter con outros por medio do móbil e de internet, ti sabes algo?
22. Que opinas disto? Por que cres que o fan?
23. Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Que pensas que podería facer?
24. Coñeces a alguén que lle estea pasando?
25. Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufra burlas?
26. Parece ser que dende hai algúns días se está a producir unha situación destas, ti sabes algo?
27. Ti sabes que no centro estamos para axudarvos e que non podemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Se presenciaches algunha situación deste tipo, ti sabes por que



empezou esta situación e que medios empregaron para acosar a ese amigo/compañeiro/coñecido ou amiga/compañeira/coñecida (redes sociais, messenger, chat, correo electrónico, sms, mms, youtube...)?

- **Que pensas que debería facer o profesorado do centro ou a Dirección para solucionar o problema?** (*Informar o alumno ou alumna das medidas urxentes adoptadas para frear a posible conduta incorrecta e protexer a vítima*)

REXISTRO DE POSIBLES NOVAS CUESTIÓNS XURDIDAS NA ENTREVISTA
REXISTRO DAS RESPOSTAS ÁS CUESTIÓNS REALIZADAS NA ENTREVISTA

.Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

*Persoa receptora da información (Membro do Equipo de Valoración)*

**ANEXO VII- A**  
**ENTREVISTA Á FAMILIA DA VÍTIMA**  
**CONVOCATORIA + CUESTIONARIO**

Estimado/a señor/a D/D<sup>a</sup>.....

Como persoa responsable da tramitación do protocolo de acoso escolar iniciado no IES Terra de Trasancos, diríxome a vostede co obxecto de continuar co proceso facilitador do esclarecemento dos feitos ata a súa conclusión.

Coa finalidade de recadar nova información referida a determinados aspectos da situación do/a seu/súa fillo/a, convócoo a unha nova reunión o próximo día....., ás .....horas, no..... deste centro.

Así mesmo, continuarán sendo informados puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

Recibín e fun informado/a

Sinatura 1

Sinatura 2

*Persoa receptora da información  
(Representante do Equipo de  
Valoración)*

*(Sinatura do representante ou representantes legais  
do alumno ou alumna)*

## CUESTIONARIO

*Algunhas temáticas que se deberán recoller nas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación:*

- *Relacións con outros compañeiros ou outras compañeiras, membros da familia... (medios que emprega): Como lle vai no centro? Lévese ben cos compañeiros e/ou compañeiras? Están en contacto tamén co móbil e internet?*
- *Estado de saúde e/ou emocional do seu fillo ou da súa filla (sono, apetito, sensibilidade...). Información sobre a posibilidade de recibir algún apoio externo especializado, de ser necesario.*
- *Aspectos destacables sobre o seu comportamento na casa ou noutros contextos diferentes ao centro educativo (illamento, medo, mutismo, comunicación...)*
- *Actividades diarias do alumno ou da alumna (horarios, tempo de familia, tempo de estudo, tempo de ocio, horario de TV, horario de ordenador, actividades extraescolares...): Utiliza moito o móbil? Ten acceso a internet dende o móbil?*
- *Actividades de ocio e tempo libre: ordenador, cine, deporte, lectura, videoxogos...*

<b>REGISTRO DE POSIBLES CUESTIÓN PROGRAMADAS E/OU XURDIDAS NA ENTREVISTA</b>
<b>REGISTRO DAS RESPOSTAS ÁS CUESTIÓN REALIZADAS NA ENTREVISTA</b>

Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

*Persoa receptora da información  
(Representante do Equipo de Valoración)*

**ANEXO VII-B**

**ENTREVISTA Á FAMILIA DA/S PERSOAS ACOSADORA/S**

**CONVOCATORIA + CUESTIONARIO**

Estimado/a señor/a D/D<sup>a</sup> .....

Como persoa responsable da tramitación do protocolo de acoso escolar iniciado no IES Terra de Trasancos, diríxome a vostede co obxecto de continuar co proceso que facilite o esclarecemento dos feitos ata a súa conclusión.

Coa finalidade de recadar nova información referida a determinados aspectos da situación do/a seu/súa fillo/a, convócoo a unha nova reunión o próximo día....., ás .....horas, no..... deste centro.

Así mesmo, continuará sendo informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que lle poidan afectar ao/á seu/súa fillo/a.

Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

Recibín e fun informado/a

Sinatura 1

Sinatura 2

*Persoa receptora da información  
(Responsable da tramitación)*

*(Sinatura do representante ou representantes  
legais do alumno ou alumna)*

## CUESTIONARIO

*Algunhas temáticas que se deberán recoller nas preguntas*

- *Relacións con outros compañeiros ou compañeiras, membros da familia... (medios que emprega): Como lle vai no centro? Lévese ben cos compañeiros e/ou compañeiras? Están en contacto tamén co móbil e internet?*
- *Estado de saúde e/ou emocional do seu fillo ou da súa filla (sono, apetito, algunha adicción...). Información sobre a posibilidade de recibir algún apoio externo especializado.*
- *Aspectos destacables sobre o seu comportamento na casa ou noutros contextos diferentes ao centro educativo (agresividade, mutismo, ocultación, mentira, falta de comunicación)*
- *Actividades diarias do alumno ou alumna (horarios, tempo de familia, tempo de estudo, tempo de ocio, horario de TV, horario de ordenador, actividades extraescolares...): Utiliza moito o móbil? Ten acceso a internet dende o móbil?*
- *Actividades de ocio e tempo libre: ordenador, cine, deporte, lectura, videoxogos...*
- *Outras (as que se consideren de interese para completar información que conduza a esclarecer os feitos): Cren que poida estar sucedendo algo? Como que? Falaron con el ou ela? Que lles contou? Como cren que lle podemos axudar?*

<b>REXISTRO DE POSIBLES CUESTIÓNS PROGRAMADAS E/OU XURDIDAS NA ENTREVISTA</b>
<b>REXISTRO DAS RESPOSTAS ÁS CUESTIÓNS REALIZADAS NA ENTREVISTA</b>

Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

Persoa receptora da información( Membro do equipo de Valoración)

## ANEXO VIII

### ENTREVISTA CO/AS PERSO/AS ACOSADORA/S

*Con este cuestionario preténdese obter información dende a perspectiva da/s persoa/s agresora/s, amosándolles a postura do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles visualizar as consecuencias da súa conduta. No caso de seren varias as persoas acosadoras, faráselle unha entrevista individual a cada unha delas e por separado, intentando que non se comuniquen entre eles ata que se entreviste a todas. Previamente, deberáselle facer a entrevista á vítima.*

*A persoa que faga esta entrevista deberá ser especialmente coidadosa, amosar unha actitude receptiva e manifestar compromiso obxectivo na recollida da información, adecuándoa ás características da situación e do/a agresor/a (líder, cómplice...). Deberá deixar claro que está contrastando a veracidade da sospeita e que se pretende escoitar a todas as partes, sen que a persoa entrevistada se sinta cuestionada.*

*Terase en conta que pode non querer falar, polo que deberemos manter unha actitude firme, non sermonar, non adiantar información e buscar un tempo e un espazo adecuados que faciliten a comunicación nun ambiente distendido.*

*Algunhas preguntas tipo son as que se rexistran a continuación. Este cuestionario de preguntas é totalmente aberto e deberá adaptarse ás respostas que vaia dando a persoa entrevistada, coa finalidade de recadar a máxima información nun clima de confianza.*

**Nome e apelidos:** .....

**Curso e grupo:** .....

**Indicar sexo:**  Muller  Home

• **Cuestións para a recollida dunha información inicial** (Os datos permitirán saber como é a súa situación no centro)

1. Como te atopas na clase?
2. Sénteste integrado/a no centro?
3. Tes amigos e/ou amigas?
4. Como son as relacións co profesorado?
5. E co persoal non docente?
6. Sabes en que consiste o acoso?
7. Son frecuentes estas situacións no centro? Cales son as máis habituais?
8. Por que cres que se dan este tipo de situacións?

9. Sufriches algunha destas situacións nalgunha ocasión?

• **Cuestións para a análise da situación ocorrida** (*Trátase de que faga un relato do suceso no que se ve implicado. A partir da cuestión 16 son propias do ciberacoso*)

1. Molestaches a algún compañeiro ou compañeira nos últimos días?
2. Es amigo/a de .....?
3. Sabes se lle pasa algo?
4. Deixádelo/a de lado? Por que o facedes?
5. A ti cónstache que haxa algún motivo ou que pasase algo importante?
6. Que foi o que aconteceu?
7. Onde sucederon os feitos?
8. Dende cando ocorre esta situación? Son feitos illados ou repítense?
9. A que foi debida esta situación?
10. Pensas que é motivo para que se metan con el ou con ela?
11. Como te sentirías ti no seu lugar? Que fai esa persoa? Cres que llo conta a alguén?
12. Pensas que se puido evitar?
13. Que fan as persoas que te rodean para evitar esta situación? Cántanllo a alguén?
14. Os demais fan algo para axudarlle? E para axudarche a ti? Necesitas axuda ti tamén?
15. Como pensas que se podería solucionar o problema?
16. Cal é o teu compromiso para levar adiante esta solución?
17. Souben que hai mozos e mozas que se están a meter con outros por medio do móbil e de internet, ti sabes algo?
18. Que opinas disto? Por que cres que o fan?
19. Que fai a persoa que recibe estes insultos ou burlas? Que pensas que podería facer?
20. Coñeces a alguén que lle estea pasando?
21. Sabes de alguén que se burle dos demais ou que sufra burlas?
22. Ti sabes que no centro estamos para axudarvos e que non podemos permitir que isto lle suceda ao noso alumnado. Parece ser que dende hai algúns días se está a producir unha situación destas, ti sabes algo?
23. Cántame algunhas cousas das que fixeches co móbil ou con internet que creas que puidesen resultarlle desagradables a algún compañeiro ou compañeira.
24. Ocorreuche algunha vez a ti? E ti, fixéchelo algunha vez?
25. Estás a facelo agora? Por que o fas?
26. Para isto, utilizas internet ou o teléfono móbil? Redes sociais, messenger, chat, correo electrónico, sms, mms, youtube...?

27. Por que cres que non lle gusta o que fas? Como o sabes? Sabe esa persoa que es ti?

28. Falo tamén na vida real, cara a cara?

- **Que pensas que debería facer o profesorado do centro ou a dirección para solucionar o problema?** (*Informar o alumno ou alumna das medidas urxentes de protección que se poden poñer en marcha para frear a posible conduta incorrecta*)

REXISTRO DE POSIBLES NOVAS CUESTIÓNS XURDIDAS NA ENTREVISTA

REXISTRO DAS RESPOSTAS ÁS CUESTIÓNS REALIZADAS NA ENTREVISTA

Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

*Persoa receptora da información (Membro do Equipo de Valoración))*



## ANEXO IX

### REGISTRO E ANÁLISE DA INFORMACIÓN

#### 1. DATOS DO CENTRO EDUCATIVO

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO	
<b>Nome</b>	
<b>Enderezo</b>	
<b>Responsable da Dirección</b>	

#### 2. BREVE DESCRICIÓN DOS FEITOS (data coñecemento, tipo incidencia, lugar...)

Feito	Medio/Forma	Lugar	Data

Observacións:

--

#### 3. DATOS DO ALUMNADO IMPLICADO

Datos do alumno ou da alumna (presunta vítima)	
<b>Nome e apelidos</b>	
<b>Curso/Grupo</b>	
<b>Idade</b>	
<b>Indicar sexo</b>	<input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home
<b>Representante legal 1</b> (indicar parentesco)	
<b>Representante legal 2</b> (indicar parentesco)	

Datos do alumnado (presunto agresor ou agresora)		
1	Nome e apelidos	
	Curso/Grupo/Idade	
	Indicar sexo	<input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home
	Representante legal 1 (indicar parentesco)	
	Representante legal 2 (indicar parentesco)	
2	Nome e apelidos	
	Curso/Grupo/Idade	
	Indicar sexo	<input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home
	Representante legal 1 (indicar parentesco)	
	Representante legal 2 (indicar parentesco)	

Datos do alumnado observador/espectador		
1	Nome e apelidos	
	Curso/Grupo/Idade	
	Indicar sexo	<input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home
2	Nome e apelidos	
	Curso/Grupo/Idade	
	Indicar sexo	<input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home
3	Nome e apelidos	
	Curso/Grupo/Idade	
	Indicar sexo	<input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home

#### 4. DATOS DOS PROFESIONAIS IMPLICADOS

Datos doutros posibles observadores		Cargo/Posto
1	Nome e apelidos	
2	Nome e apelidos	
3	Nome e apelidos	

DATOS DOS PROFESIONAIS IMPLICADOS (nome e apelidos)	Cargo/Posto
Persoa ocupa a Dirección centro	
Responsable atención/apoio vítima	
Responsable tramitación protocolo	
Instrutor/a expediente disciplinario	
Departamento de orientación centro	
Outros profesionais centro	
Outros profesionais externos	
Outros	

### 5. MEDIDAS ADOPTADAS (DE PROTECCIÓN E CONTROL)

<b>Coa presunta vítima</b>	
<b>Coa presunta/s persoa/s agresora/s</b>	
<b>Co alumnado observador/espectador</b>	

### 6. ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS

ENTREVISTAS		DATOS (nome e apelidos)	DATA
<b>VÍTIMA</b>	Alumno/a		
	<b>Familia</b>		
<b>PRESUNTOS/AS AGRESORES/AS</b>	Alumno/a		
	<b>Familia</b>		
	Alumno/a		
	<b>Familia</b>		
	Alumno/a		
	<b>Familia</b>		
<b>ALUMNADO OBSERVADOR/ ESPECTADOR</b>	Alumno/a		
	Alumno/a		
	Alumno/a		
	Alumno/a		
	Alumno/a		
	Alumno/a		
<b>OUTROS PROFESIONAIS (CENTRO + EXTERNOS)</b>			

OUTRAS ACTUACIÓNS (sempre que sexan relevantes)		
Actuación	Información recollida - Breve descrición (concreta)	Data

## 7. CONCLUSIÓNS E PROPOSTA

<b>SITUACIÓN OU NON DE ACOSO ESCOLAR</b>	
<input type="checkbox"/> Confírmase unha situación de acoso escolar e/ou ciberacoso, logo da análise da información recadada	<input type="checkbox"/> Da análise da información recadada <b>non</b> se confirma a existencia de acoso
<input type="checkbox"/> Proposta de inicio do expediente disciplinario oportuno á Dirección do centro	<input type="checkbox"/> Proposta de revisión das medidas de prevención e sensibilización do centro, en materia de convivencia, sobre todo:
Recomendación de comunicación a outros organismos (especial gravidade) <input type="checkbox"/> Si Indicar a cal/cales: .....	<input type="checkbox"/> Plan de convivencia e normas de convivencia <input type="checkbox"/> Normas de organización e funcionamento do centro  <input type="checkbox"/> Outras
<input type="checkbox"/> Non	

### 7.1. PROPOSTA DE MEDIDAS QUE HAI QUE ADOPTAR

*(Proposta que lle fai a persoa responsable da tramitación á Dirección do centro educativo. Estas medidas son continuación das adoptadas nun primeiro momento pola Dirección do centro como medidas urxentes/cautelares ao inicio do procedemento)*

<b>DE PROTECCIÓN Á VÍTIMA</b>

<b>REEDUCADORAS E CORRECTORAS Á PERSOA OU PERSOAS AGRESORA/S</b>	
<b>REEDUCADORAS</b>	<b>CORRECTORAS</b>

## OUTRAS MEDIDAS

<b>CO ALUMNADO DO GRUPO-CLASE DO ALUMNADO IMPLICADO</b>

<b>CO ALUMNADO OBSERVADOR/ESPECTADOR</b>

<b>COAS FAMILIAS DO ALUMNADO IMPLICADO</b>

<b>COAS FAMILIAS DO ALUMNADO DO CENTRO EN XERAL</b>

<b>CO EQUIPO DOCENTE DO ALUMNADO IMPLICADO</b>

<b>CO EQUIPO DOCENTE DO CENTRO EN XERAL</b>

8. OBSERVACIÓNS (*Recoller os aspectos que se consideren relevantes e non estean reflectidos nos puntos anteriores*)

Narón, ..... de ..... de .....

Sinatura

Recibín

*(Representante do Equipo de Valoración)*

*(A persoa responsable da Dirección do centro)*